

## Proba de lectura

### O camiño da balea

Pasea a fermosa balea  
polas profundidades do mar.  
Golfinhos, mariñeiros e sereas  
acompañana a navegar.

Sobe á tona da auga feliz  
e respira profundo o aire mariño.  
Bota un chorro como de chafariz  
e continúa o seu camiño.

Cando os baleeiros armados  
lle queren botar o arpón  
mergúllase decontado  
e aínda ri da situación.

Balea que viaxas contenta  
mudando ás veces de rumbo,  
quero acompañarte sen pena  
polos sete mares do mundo.

PAUL DO CANIZO



**1 Cantos versos e cantas estrofas ten este poema?**

- A. Ten doce versos distribuídos en oito estrofas.
- B. Ten dezaseis versos distribuídos en catro estrofas.

**2 Que versos do poema riman?**

- A. Por unha parte, todos os versos pares e por outra, todos os impares.
- B. O primeiro e o último de cada estrofa.
- C. Soamente os versos pares de cada estrofa.

**3 Quen acompaña á balea?**

- A. Golfinhos, mariñeiros e sereas.
- B. Quenllas, polbos e focas.
- C. Piratas e bucaneiros.

**4 Como é, segundo o poeta, o chorro que bota a balea?**

- A. Coma o que bota un chafariz.
- B. Coma o dunha magueira.
- C. Coma o dunha billa.

**5 Que recurso literario é o caso anterior?**

- A. A metáfora, porque se usa unha palabra para referirse a outra cousa á que se parece.
- B. A comparación, porque se fai referencia a unha cousa á que se parece e utilízase a palabra «coma».

**6 En que versos hai unha personificación?**

- A. ... Golfinhos, mariñeiros e sereas acompañana a navegar.
- B. ... mergúllase decontado e aínda ri da situación.